

Informe da Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación relativo á transparencia no sector público autonómico de Galicia

Ano 2022

MARCO NORMATIVO

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno dispón no seu artigo 5.2 que a Xunta de Galicia fará público anualmente no Portal de transparencia e goberno aberto un informe aprobado pola Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación que analizará e expoñerá, como mínimo, os seguintes aspectos:

- a) As estatísticas relativas ao dereito de acceso á información pública, con inclusión do número de solicitudes presentadas e das porcentaxes dos distintos tipos de resolución a que deron lugar.
- b) Os datos sobre a información máis consultada no Portal de transparencia e goberno aberto e sobre a máis solicitada a través do exercicio do dereito de acceso.

O artigo 35.2 da citada Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, establece que a Xunta de Galicia, a través da Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación prevista no artigo 31 desta lei, remitirá ao Valedor do Pobo o informe referido no artigo 5.

Así pois, constitúe o obxecto deste informe dar a coñecer o balance global anual relativo ás estatísticas relativas ás visitas ao Portal de transparencia e goberno aberto como respecto da tramitación das solicitudes de acceso á información pública relativas ao funcionamento do sector público autonómico correspondente ao ano 2022.

O presente informe, aprobado pola Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación na súa reunión do 24 de abril de 2023, será remitido á institución do Valedor do Pobo e estará a disposición da cidadanía no Portal de transparencia e goberno aberto no seguinte enderezo web:

<http://transparencia.xunta.gal/portada>

PORTAL DE TRANSPARENCIA E GOBERNO ABERTO

Con data do 7 de marzo de 2016 entrou en vigor a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co obxectivo fundamental de facilitar á cidadanía unha maior cantidade de información da que dispoñían e máis da que establece a lexislación básica estatal. Deste xeito, Galicia converteuse na comunidade autónoma do conxunto do Estado español que máis obrigas asumiu a través da súa propia normativa autonómica.

Coincidindo coa entrada en vigor da nova lei, púxose en funcionamento o Portal de transparencia e goberno aberto da Xunta de Galicia, co obxecto de dar cumprimento, entre outras, ás obrigas de publicidade activa previstas na normativa en materia de transparencia.


Desde a súa apertura o 7 de marzo de 2016, e ata o 31 de decembro de 2022, o Portal recibiu **1.439.727 visitas**, nas cales foron **consultadas 4.090.519 páxinas**. Por tanto, en cada consulta, **visitouse unha media de 2,84 páxinas**. Dos accesos realizados, 911.638 son visitantes distintos.

O Portal de transparencia e goberno aberto contén máis de 2.256 páxinas web en que se poden visualizar máis de 6.857 documentos. As páxinas máis visitadas foron:

TÍTULO DA PÁXINA	NÚMERO DE VISITAS A PÁXINAS
Normativa e medidas da Xunta de Galicia sobre o novo coronavirus COVID-19	263.968
Altos cargos da Administración xeral	156.832
Contías das retribucións do persoal	143.765
Normativa en tramitación (nos seus diferentes apartados/fases): - En prazo de envío de suxestións - Pendente de aprobación - Aprobada e publicada no DOG - Consultas abertas	93.381 74.987 44.705 33.241
Axenda institucional de altos cargos	119.390
Xefes/as de gabinete e xefes/as de prensa	54.687
Contratación pública	43.401


TÍTULO DA PÁXINA	NÚMERO DE VISITAS A PÁXINAS
Información de transparencia das entidades instrumentais do sector público autonómico	37.864
Contratos menores	33.000
Ofertas públicas de emprego	26.267
Relacións de postos de traballo	21.253
Encomendas de xestión	19.824
Orzamentos da Comunidade Autónoma	13.674

Porcentaxe de novos visitantes



En relación cos dispositivos desde os cales se accede aos contidos do Portal, cómpre destacar que o deseño *responsive* do Portal é compatible coa navegación desde dispositivos móbiles, tal e como amosa a seguinte gráfica:

Sesións por tipo de dispositivo



Ademais, e canto á accesibilidade, os contidos do portal poden ser interpretados por un sistema de lectura de voz de contido.

Evolución do número de visitas no período 2016-2022:

DATOS VISITAS PORTAL DE TRANSPARENCIA E GOBERNO ABERTO	NÚMERO							TOTAL
	2016 ⁽¹⁾	2017 ⁽²⁾	2018 ⁽³⁾	2019 ⁽⁴⁾	2020 ⁽⁵⁾	2021 ⁽⁶⁾	2022 ⁽⁷⁾	
Visitas	65.678	107.881	132.071	165.540	240.617	362.835	304.556	1.379.178
Páxinas vistas	383.333	402.121	468.418	527.996	762.649	822.392	742.266	4.109.175

(1) Datos do período comprendido entre o 7 de marzo de 2016 e o 31 de decembro de 2016.

(2) Datos do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2017 e o 31 de decembro de 2017.

(3) Datos do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2018 e o 31 de decembro de 2018.

(4) Datos do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2019 e o 31 de decembro de 2019.


(5) Datos do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2020 e o 31 de decembro de 2020.

(6) Datos do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2021 e o 31 de decembro de 2021.


(7) Datos do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2022 e o 31 de decembro de 2022.

O número medio de visitas ao mes no ano 2016 foi de 7.298; no ano 2017, 8.990; no ano 2018, 11.006; no ano 2019, 13.795; no ano 2020, 20.051, no ano 2021 o número medio de visitas ao mes foi de 30.236 e no ano 2022 o número medio de visitas ao mes foi de 25.380, o que supón un descenso do 16% con respecto ao número medio de visitas do ano anterior.

Visitas



Páxinas vistas



Comparativa das páxinas máis vistas no período 2016-2022

COMPARATIVA PÁXINAS MÁIS VISTAS NO PERÍODO 2016-2022	NÚMERO DE VISITAS							
	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	TOTAL
Normativa e medidas da Xunta de Galicia sobre o novo coronavirus COVID-19	---	---	---	---	119.819	119.238	24.911	263.968
Altos cargos da Administración xeral	17.592	15.726	17.842	18.771	31.764	27.746	27.931	156.832
Contías das retribucións do persoal	7.416	7.394	17.365	26.698	18.727	30.106	36.059	143.765
Normativa en tramitación (nos seus diferentes apartados/fases):								
- En prazo de envío de suxestións	11.101	13.221	13.597	23.546	12.247	14.382	16.388	93.381
- Pendente de aprobación	9.404	11.219	13.285	13.272	8.650	9.475	9.682	74.987
- Aprobada e publicada no DOG	3.883	4.410	4.999	4.923	9.356	10.697	6.437	44.705
- Consulta pública previa*	---	---	5.514	6.550	4.978	7.205	8.994	33.241
Axenda institucional de altos cargos	6.710	11.349	11.381	12.341	16.868	26.125	34.616	119.390
Xefes/as de gabinete e xefes/as de prensa	7.861	5.226	5.570	5.759	10.962	9.487	9.822	54.687
Contratación pública	7.387	4.442	6.259	5.364	6.412	7.056	6.481	43.401
Información de transparencia das entidades instrumentais do sector público autonómico	5.000	6.829	5.075	4.790	3.614	7.389	5.167	37.864
Ofertas públicas de emprego	2.828	3.536	4.245	4.367	4.129	4.337	2.825	26.267
Relacións de postos de traballo	2.455	2.244	2.734	3.191	3.020	3.798	3.811	21.253
Orzamentos da Comunidade Autónoma	2.433	2.168	2.353	1.775	1.649	1.505	1.791	13.674

(*) A consulta pública previa, no procedemento de elaboración de normativa, é un trámite posto en funcionamento a través do Portal de transparencia e goberno aberto en maio de 2017.

Dunha análise comparativa da evolución das visitas ao Portal de transparencia e goberno aberto, no período 2016-2022 é de salientar o seguinte:

A páxina *Contías das retribucións do persoal* foi a máis visitada do Portal no ano 2022 (36.059 visitas); as visitas a esta páxina incrementáronse un 20% con respecto ás visitas do ano 2021; ademais, esta páxina foi a segunda máis visitada no período 2016-2022. A páxina máis visitada no período 2016-2022 foi *Normativa e medidas da Xunta de Galicia sobre o novo coronavirus COVID-19*.

A segunda páxina máis visitada en 2022 foi *Axenda institucional de altos cargos* (34.616 visitas). Esta páxina foi a cuarta máis visitada no período de referencia 2016-2022.

A terceira páxina con máis visitas en 2022 foi *Altos cargos da Administración xeral* (27.931 visitas); esta páxina foi a segunda con máis visitas no período de referencia 2016-2022.

Aumenta en 2022 con respecto a 2021 o número de visitas ás páxinas *Contías das retribucións do persoal; Normativa en tramitación; Axenda institucional de altos cargos; Xefes/as de gabinete e xefes/as de prensa; Relacións de postos de traballo e Orzamentos da Comunidade Autónoma*.

Diminúe en 2022 con respecto a 2021 o número de visitas ás páxinas *Normativa e medidas da Xunta de Galicia sobre o novo coronavirus COVID-19; Altos cargos da Administración xeral; Contratación pública; Información de transparencia das entidades instrumentais do sector público autonómico e Ofertas públicas de emprego*.

No ano 2022 incorporáronse ao Portal de transparencia e goberno aberto catro novos/as apartados/páxinas:

En xaneiro de 2022 incorporouse, dentro do apartado Axudas e subvencións, unha nova páxina na que consultar os *Modelos de bases reguladoras* que se van aprobando co propósito de facilitar a xestión administrativa e a participación cidadá no procedemento subvencionador.

Así mesmo, en xaneiro de 2022 incorporouse, dentro do apartado Integridade institucional, o acceso á *Canle de denuncias* sobre irregularidades en materia de integridade institucional prevista no Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia. Este espazo ofrece unha dobre vía para a presentación de denuncias, con e sen identificación da persoa denunciante e recibiu 2.277 visitas dende a súa incorporación.

En marzo de 2022 publicouse, dentro do apartado Contratación pública, unha nova páxina para divulgar os *Modelos de pregos e pregos tipos e de referencia*. Neste apartado pódense consultar os modelos de pregos de cláusulas administrativas ou pregos tipo ou pregos de referencia que se van aprobando co propósito de facilitar a xestión administrativa e a participación das empresas no procedemento de contratación.

Por último, en xuño de 2022 incorporouse, dentro do apartado Organización das entidades instrumentais, un novo apartado desde o cal se poden consultar os *Contratos de xestión ou contratos programa* das entidades integrantes do sector público autonómico, así como outros instrumentos de xestión destas entidades.


SOLICITUDES DE ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA

Con respecto ás peticións de acceso á información pública, desde o 10 de decembro de 2015, data da entrada en vigor da Lei estatal 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, ata o 31 de decembro de 2022 recibíronse un total de 5.806 solicitudes de acceso á información pública: 233 no ano 2016, 796 no ano 2017, 723 no ano 2018, 746 no ano 2019, 1.077 no ano 2020, 1.389 no ano 2021 e 842 ano 2022.

Desagregación por departamentos no ano 2022

DEPARTAMENTO DESTINO	SOLICITUDES PRESENTADAS	
	2022	%
Presidencia da Xunta de Galicia	56	6,65%
Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo	27	3,21%
Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación	168	19,95%
Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación	48	5,70%
Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes	47	5,58%
Consellería de Facenda e Administración Pública	83	9,86%
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda	55	6,53%
Consellería de Infraestruturas e Mobilidade	55	6,53%
Consellería de Cultura, Educación e Universidade	25	2,97%
Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade	64	7,60%
Consellería de Emprego e Igualdade	2	0,24%
Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade	5	0,59%
Consellería de Sanidade	73	8,67%
Consellería de Política Social	9	1,07%
Consellería de Política Social e Xuventude	16	1,90%
Consellería do Medio Rural	31	3,68%
Consellería do Mar	78	9,26%
TOTAL	842	100%

Solicitudes presentadas por departamento Ano 2022



Desagregación por departamentos no período 2016-2022:


DEPARTAMENTO DESTINO	SOLICITUDES PRESENTADAS								
	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	TOTAL	%
Presidencia da Xunta de Galicia	10	9	9	21	17	21	56	143	2,46%
Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza ⁽¹⁾	33	543	318	131	105	---	---	1.130	19,46%
Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo ⁽²⁾	---	---	---	---	25	91	27	143	2,46%
Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación ⁽³⁾	---	---	---	---	9	154	48	211	3,63%
Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación ⁽⁴⁾	---	---	---	---	---	---	168	168	2,89%
Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes ⁽⁵⁾	---	---	---	---	---	---	47	47	0,81%
Consellería de Facenda ⁽⁶⁾	10	7	10	15	11	---	---	53	0,91%
Consellería de Facenda e Administración Pública ⁽⁷⁾	---	---	---	---	3	35	83	121	2,08%
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda ⁽⁸⁾	11	16	41	144	450	529	55	1.246	21,46%
Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ⁽⁹⁾	12	42	59	92	109	178	55	547	9,42%
Consellería de Economía, Emprego e Industria ⁽¹⁰⁾	10	6	33	46	18	---	---	113	1,95%
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ⁽¹¹⁾	44	54	21	---	---	---	---	119	2,05%
Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional ⁽¹²⁾	---	---	6	33	30	---	---	69	1,19%
Consellería de Cultura e Turismo ⁽¹³⁾	---	---	8	56	62	---	---	126	2,17%
Consellería de Cultura, Educación e Universidade ⁽¹⁴⁾	---	---	---	---	12	100	25	137	2,36%
Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade ⁽¹⁵⁾	---	---	---	---	---	---	64	64	1,10%
Consellería de Emprego e Igualdade ⁽¹⁶⁾	---	---	---	---	4	23	2	29	0,50%
Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade ⁽¹⁷⁾	---	---	---	---	---	---	5	5	0,09%
Consellería de Sanidade	16	12	38	46	59	90	73	334	5,75%
Consellería de Política Social	6	5	29	3	21	19	9	92	1,58%
Consellería de Política Social e Xuventude ⁽¹⁸⁾	---	---	---	---	---	---	16	16	0,28%
Consellería do Medio Rural	13	17	62	68	73	74	31	338	5,82%
Consellería do Mar	68	85	89	91	69	75	78	555	9,56%
TOTAL	233	796	723	746	1077	1.389	842	5.806	100%

- (1) A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza extínguese tras a aprobación do Decreto 110/2020, do 6 de setembro polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.
- (2) A Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo extínguese tras a aprobación do Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.
- (3) A Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación extínguese tras a aprobación do Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.
- (4) Nova consellería tras a aprobación do Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.
- (5) Nova consellería tras a aprobación do Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.
- (6) A Consellería de Facenda extínguese tras a aprobación do Decreto 110/2020, do 6 de setembro polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.
- (7) Nova Consellería tras a aprobación do Decreto 110/2020, do 6 de setembro polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.
- (8) A antiga Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio pasa a denominarse Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, tras a aprobación do Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.
- A partir do 5 de outubro de 2018 o organismo autónomo Instituto Galego da Vivenda e Solo se encontra adscrito a esta consellería. Ata esa data tiña adscrita a entidade pública empresarial Augas de Galicia, que pasa a depender da nova Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.
- (9) A antiga Consellería de Infraestruturas e Vivenda pasa a denominarse Consellería de Infraestruturas e Mobilidade tras a aprobación do Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.
- A partir de 5 de outubro de 2018 a entidade pública empresarial Augas de Galicia se encontra adscrita a esta consellería. Ata esa data tiña adscrito o organismo autónomo Instituto Galego da Vivenda e Solo, que pasa a depender da nova Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.
- (10) A Consellería de Economía, Emprego e Industria extínguese tras a aprobación do Decreto 110/2020, do 6 de setembro polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.
- (11) A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria extínguese para reordenarse en dúas novas consellerías tras a aprobación do Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.
- (12) Nova consellería tras a aprobación do Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.
- (13) A Consellería de Cultura e Turismo extínguese tras a aprobación do Decreto 110/2020, do 6 de setembro polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.
- (14) Nova consellería tras a aprobación do Decreto 110/2020, do 6 de setembro polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.
- (15) A Consellería de Cultura, Educación e Universidade cambia de nome tras a aprobación do Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e pasa a denominarse Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade.
- (16) Nova consellería tras a aprobación do Decreto 110/2020, do 6 de setembro polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.
- (17) A Consellería de Emprego e Igualdade cambia de nome tras a aprobación do Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e pasa a denominarse Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.
- (18) A Consellería de Política Social cambia de nome tras a aprobación do Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e pasa a denominarse Consellería de Política Social e Xuventude.


Por departamentos competentes para resolver as solicitudes de información pública, cómpre indicar que en cómputo global do período 2016-2022 o maior número de solicitudes foi recibido na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda: 1.246 (21,46%), seguida da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: 1.130 (19,46%); Consellería do Mar: 555 (9,56%); Consellería de Infraestruturas e Mobilidade: 547 (9,42%); Consellería do Medio Rural: 338 (5,82%); Consellería de Sanidade: 334 (5,75%); Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación: 211 (3,63%); Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e

Innovación: 168 (2,89%); Presidencia da Xunta de Galicia: 143 (2,46%); Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo: 143 (2,46%); Consellería de Cultura, Educación e Universidade: 137 (2,36%); Consellería de Cultura e Turismo: 126 (2,17%); Consellería de Facenda e Administración Pública: 121 (2,08%); Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria: 119 (2,05%); Consellería de Economía, Emprego e Industria: 113 (1,95%); Consellería de Política Social: 92 (1,58%); Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional: 69 (1,19%); Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade: 64 (1,10%); Consellería de Facenda: 53 (0,91%); Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes: 47 (0,81%); Consellería de Emprego e Igualdade: 29 (0,50%); Consellería de Política Social e Xuventude: 16 (0,28%) e Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade: 5 (0,09%).


Evolución global das solicitudes presentadas:




Evolución das solicitudes presentadas por departamentos:




**Vicepresidencia e Consellería de Presidencia,
Administracións Públicas e Xustiza**




**Vicepresidencia primeira e Consellería de
Presidencia, Xustiza e Turismo**



**Vicepresidencia segunda e Consellería de
Economía, Empresa e Innovación**




**Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía,
Industria e Innovación**




**Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia,
Xustiza e Deportes**




Consellería de Facenda




Consellería de Facenda e Administración Pública




Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda




Consellería de Infraestruturas e Mobilidade




Consellería de Economía, Emprego e Industria




Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria




Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional




Consellería de Cultura e Turismo




Consellería de Cultura, Educación e Universidade



Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade




Consellería de Emprego e Igualdade




Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade




Consellería de Sanidade




Consellería de Política Social




Consellería de Política Social e Xuventude



Consellería do Medio Rural




Consellería do Mar



Forma de presentación:

FORMA DE PRESENTACIÓN	NÚMERO							
	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	TOTAL
Acceso electrónico	88	626	572	593	965	1.269	610	4.723
Acceso en papel	145	170	151	153	112	120	232	1.083
TOTAL	233	796	723	746	1.077	1.389	842	5.806

Solicitudes segundo a súa forma de presentación




Do total das 5.806 solicitudes cómpre salientar que o 81,35% foron presentadas por medios electrónicos.

En concreto, no ano 2022, das 842 solicitudes recibidas, máis do 72% (72,45%) foron presentadas de xeito electrónico polo que se pon de manifesto a clara preferencia da cidadanía pola utilización desta canle nas súas relacións coa Administración.

Segundo a persoa solicitante de información:

PERSOA SOLICITANTE	NÚMERO							TOTAL
	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	
Mulleres	45	63	133	139	232	328	233	1.173
Homes	133	183	214	291	375	517	339	2.052
Persoas xurídicas	55	550	376	316	470	544	270	2.581
TOTAL	233	796	723	746	1.077	1.389	842	5.806

Solicitudes segundo a persoa solicitante da información




Do total das 5.806 solicitudes preto da metade, o 44,45%, foron presentadas por persoas xurídicas.

En concreto, no ano 2022 as porcentaxes foron as seguintes: mulleres 27,67%, homes 40,26% e persoas xurídicas 32,07%.

Número de resolucións segundo a súa tipoloxía:

TIPO DE RESOLUCIÓN	NÚMERO							
	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	TOTAL
Concesión	156	707	543	487	590	1.030	425	3.938
Concesión parcial	7	9	1	14	20	29	26	106
Inadmisión	23	25	25	38	34	55	36	236
Denegación	4	10	1	4	11	5	6	41
Desistencia	5	9	9	6	8	10	3	50
Outras (regulación especial)	3	2	28	29	170	0	25	257
TOTAL	198	762	607	578	833	1.129	521	4.628

Resolucións segundo a súa tipoloxía



Do total de 5.806 solicitudes presentadas no sector público autonómico de Galicia, 4.628 foron xa resoltas, o que supón case o 80% (79,71%).

En concreto, no ano 2022 foron resoltas 521 das 842 solicitudes presentadas, o que supón case o 62% das solicitudes (61,88%).

Das solicitudes resoltas, 3.938 foron estimadas permitindo o acceso total á información solicitada.

En 106 supostos resolveuse conceder o acceso de xeito parcial á información, e en 236 supostos o dito acceso foi inadmitido por algún dos seguintes motivos previstos no artigo 18 da Lei 19/2013, do 9 de decembro:

- Por referirse a información que estea en curso de elaboración ou de publicación xeral.
- Por referirse a información que teña carácter auxiliar ou de apoio.
- Relativas a información para cuxa divulgación sexa necesaria unha acción previa de reelaboración.
- Dirixidas a un órgano en cuxo poder non conste a información, cando se descoñeza o competente.
- Que sexan manifestamente repetitivas ou teñan un carácter abusivo non xustificado coa finalidade de transparencia da Lei 19/2013, do 9 de decembro.

Do total de peticións de información, 41 foron desestimadas con base nos motivos previstos nos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro:

- A prevención, investigación e sanción dos ilícitos penais, administrativos ou disciplinarios.
- A igualdade das partes nos procesos xudiciais e a tutela xudicial efectiva.
- Os intereses económicos e comerciais.
- O segredo profesional e a propiedade intelectual e industrial.
- Protección de datos de carácter persoal.


Canto ás desistencias, un total de 50 solicitantes desistiron das súas peticións de información, 5 no ano 2016, 9 no ano 2017, 9 no ano 2018, 6 no ano 2019, 8 no ano 2020, 10 no ano 2021 e 3 no ano 2022.

Número de expedientes segundo o seu estado de tramitación:

Canto ao seu estado de tramitación, a situación é a seguinte:

ESTADO DE TRAMITACIÓN	NÚMERO							
	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	TOTAL
Expedientes finalizados (resolución expresa)	198	762	607	578	833	1.129	521	4.628
Expedientes en tramitación	1	19	82	136	236	256	83	813
Expedientes resoltos por silencio administrativo	34	15	34	32	8	4	238	365
TOTAL	233	796	723	746	1.077	1.389	842	5.806

Expedientes segundo o seu estado de tramitación



Tipo de información solicitada:

A información solicitada é de distinta natureza e pode clasificarse nas seguintes áreas temáticas:

TIPO DE INFORMACIÓN	NÚMERO							
	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	TOTAL
Información institucional, organizativa e de planificación	20	13	28	56	62	66	23	268
Información sobre relacións coa cidadanía	1	5	4	6	12	6	36	70
Información de relevancia xurídica	30	22	7	7	1	7	11	85
Información en materia de persoal	38	22	13	26	27	53	105	284
Retribucións de altos cargos	0	1	0	0	1	0	0	2
Retribucións de funcionarios	0	0	1	0	0	0	0	1
Información económica, estatística e orzamentaria	8	10	31	54	48	81	97	329
Información en materia patrimonial	1	17	10	4	6	1	13	52
Información en materia de contratación pública	14	21	33	15	13	45	72	213
Información sobre convenios	6	10	8	8	6	9	10	57
Información sobre encomendas de xestión	0	0	1	1	0	0	1	3
Información sobre subvencións e axudas	16	23	72	68	53	52	19	303
Información sobre ordenación do territorio e do medio ambiente	44	62	160	266	553	725	277	2.087
Información en materia de xogo	0	531	0	70	71	21	0	693
Bo Goberno (relativa ás materias do título II Lei 1/2016)	0	0	3	3	1	1	0	8
Outra información	55	59	352	162	223	322	178	1.351
TOTAL	233	796	723	746	1.077	1.389	842	5.806